Fontenlo – Codeseda (San Xurxo) – A Estrada, 1981-02
**Informante:** Marité (30)
**Compiladora**: Dorothé Schubarth
**Transcrición**: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina
**Edición da presente ficha:** Sara Vilariño Rama

CD 331 – 1-2

A Estrada VI, 1, Codeseda, A Estrada

Marité 30 anos
Febreiro 1981.

(1)

Esos si que sou ...

VI,1,42. 1:27 1) O cura d'Esclavitú
saleull'a burra preñada
i ahora vai ás procesións
a cabalo da criada

Esos si que sou ... Narrativa. Sen trascribir.

tuven lio cun

(62.) 2) ~~Estuve el día cun~~ veciño
polas augas ben regueiro
~~pasabas o regueiro~~
/: eu gastar gastei os cartos
por andar andoliño :/

73. 3:55 3) Entrade mociños entrade
entrade pola porta adrentro
quén me dera a min qu'entrara
quen teño no pensamento
Ai la la lo... ai la la la FIN.

3.17

82. (2) 4) As d'alá d'arriba
a) cando van co gando
levan unha vara
pa baila-lo tango
pa baila-lo tango
e maila muiñeira
as d'alá d'arriba
non hai quen as queira

I 124
I 302c

b) As d'alá d'abaixo
ceibalas ceibalas
porque van ó baile
coas pernas lavadas 4.4.1.2

91. c) As d'alá d'arriba
prendelas prendelas
porque van ó baile
coas pernas moi negras 4,4,1,2

101. 0:58 5) Nosa Virxen da Lanzada
que nos dea ò vento en popa
que sómo-los de Rianxo
levámo-la vela rota

118. 6) Eu son mariñeiro
de Rianxo son
pesco desde Arosa
hast'à ría de Padrón

*Audio de referencia: MPG_SchSa_0231_002_en_A_Estrada_VI_1_82*

A Estrada VI, 1, Codeseda, A Estrada

CD 231 — 2

Marité 30 anos
Febreiro 1981.

VI,1,127. 7) Vindo polo río abaixo
vin qu'habí un peixe de pé
dime ti miña rapaza
dime ti qué peixe é
1:57 Eu son mariñeiro.... Versos sen trans.

162. 4:28 8) Señor cura cura ~~cura~~
dónde lle vai a sobriña
que lle quero preguntare
como se asan as sardiñas
Ábresell'o lombo
bótaselle sale
co abanexoe
empeza a abanexare
Abanexa abanexa abanexa
abanexa abanexa
abanexa abanexa abanexa
abanéxall'o rabo á sarten Versos sen trans.

5.55 FIN